

# MENCER

Letra: M.<sup>a</sup> do Pilar Campo e Xesús Mato

Música: Xesús Mato (J. Cabodevila)

*(Os galegos, e con todos eles os autores desta canción, estamos fartos de tantas modalidades de caciques, estamos cheos de tantos falsos redentores e estamos cansos de tantos chorós e pesimistas. Nin uns nin outros van salvar o País. Dalgún xeito xa se lles dixo no derradeiro referéndum sobre o Estatuto. Galicia temos que salvarla entre todos, pero... traballando e arrimando o lombo. Temos, por outra banda, que mirar pra diante e contar co que temos. O futuro depende de todos nós, e non nos vai vir de fora. Por ahí vai a intención desta canción, con xeito de muiñeira e alborada).*

DISQUE VAI FRIO NOS MONTES GALEGOS,  
DISQUE VAI VENTO NA VEIRA DO MAR;  
DISQUE MORREU A ESPERANZA NO POBO,  
DISQUE O FUTURO NON PODE AGROMAR.

LERIAS E LERIAS DOS ABAFANTES,  
DOS QUE SE EMPEÑAN O POBO AFOGAR!  
TI E MAIS EU, TODOS NOSOUTROS, SOMOS GALICIA,  
E AINDA ESTAMOS POR ENTERRAR!

LERIAS E LERIAS DOS ABAFANTES,  
DOS QUE SE EMPEÑAN O POBO AFOGAR:  
TEMOS FUTURO, TEMOS MAÑAN,  
XA QUE GALICIA EMPEZA A ESPERTAR!

---

Foi longa a noite, pero xa alborea,  
fonda a ferida, pero está a sanar,  
doente a fame, mais virá a fartura:  
os cás do medo fuxindo xa van!

---

Terra de vivos e non de fantasmas,  
terra de homes a face-la paz:  
a paz do pobo, a irmá da xusticia  
e vinculeira do viño e do pan!

**LADO 1**

O MEU AMOR MARIÑEIRO (Manuel Alegre-Xosé L. Rivas)	4'03"
PANDEIRETADA DE OUTES (Popular-Ramón Díaz)	2'14"
ROMANCE DA LAVANDEIRA (Popular-Xosé L. Rivas)	3'06"
FOLIADA DO ALEIXO (Antonio de Aleixo-Xosé L. Rivas)	2'06"
MENCER (M.ª do Pilar Campo-Xesús Mato)	7'04"

**LADO 2**

CENCIA DO ADRO (Ramón Cabanillas-Xosé L. Rivas)	2'43"
LONGA NOITE (Xosé L. Rivas Cruz)	5'23"
PRA ONDE VAS MARIA (Popular-Xoán L. Fuertes)	2'24"
DAME LUME (Popular-M.ª do Pilar Campo- B. Iglesias)	3'36"
CANCION PRA ADORMIÑAR A LEMBRANZA (M.ª do Pilar Campo- Xosé L. Freire-Popular)	4'48"

Portada: L. SEIXAS - XOSE L. FREIRE

Dirección artística: FUXAN OS VENTOS

Colaboradores: JOAQUIN LARIA, ALVARO G. AGUAYO

e FERNANDO LOPEZ

Técnico de grabación: LUIS F. SORIA

Grabado en AUDIOFILM, S. A. (Madrid). Nadal-Xaneiro, 1981

Produce e edita RUADA, S. A., Nosa Señora da Luz, 18, baixo

Télf. (981) 242011 - 242088. A Coruña (GALICIA) ESPAÑA

ESTEREO



R-128-C

RUADA

# FUXAN OS VENTOS



## QUEN A SOUBERA CANTAR